

PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE XOVES EMPRESARIOS (FEGAXE) PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓNS DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 2018

REUNIDOS

Don....., conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 148/2016, do 13 de novembro, e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, publicado no DOG número 13, do 18 de xaneiro, no que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Don....., con DNI ..., presidente da FEGAXE, con CIF e enderezo na rúa, que actúa en nome e representación da devandita asociación segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

EXPOÑEN:

1. Que no ámbito da Administración autonómica de Galicia a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria é o departamento que ten atribuídas, entre outras, as competencias e funcións en materia de promoción e ensino da lingua galega. Que para abranguer todos os eidos sociais debe procurar a colaboración, na medida do posible, con entidades que traballan a prol do galego dentro da comunidade autónoma.
2. Que a FEGAXE é unha federación de ámbito autonómico con personalidade xurídica propia e plena capacidade legal de obrar creada por e para emprendedores e empresarios co fin fundamental da defensa e promoción dos intereses económicos e sociais dos seus membros. Entre os seus obxectivos destacan fomentar o talento emprendedor e axudar os seus asociados a crear e consolidar as súas empresas, proporcionándolles os medios técnicos, humanos e loxísticos necesarios, así como potenciar unha nova cultura emprendedora e innovadora para crear unha sociedade de futuro.
3. Que as partes manifestan a súa vontade de colaborar na execución do Plan xeral de normalización da lingua galega que aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, no que a galeguización

arredor da actividade empresarial figura como obxectivo prioritario e estratéxico e, colaborar tamén, no desenvolvemento e implantación do Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 4 de agosto de 2016, que responde á necesidade de poñer en práctica medidas para o fomento do uso do idioma galego nos diferentes eidos sociais e económicos de Galicia, co fin de incrementar a dispoñibilidade de produtos e servizos en galego, coa pretensión de que, ao aumentar a presenza do galego no ámbito económico, sirva de efecto multiplicador no resto da poboación, xa que se trata dun sector fundamental no funcionamento das sociedades modernas e de grande influencia e prestixio no mundo de hoxe.

4. Que as actividades que se desenvolven ao abeiro deste protocolo incidirán tamén no ámbito de actuación do Plan de dinamización da lingua galega na mocidade que se está a desenvolver para incrementar a utilización do idioma galego entre a xente nova, que será a que lle dea continuidade e garanta a permanencia e a transmisión da lingua ás futuras xeracións. Este tipo de actuacións exercen unha influencia moi positiva entre a mocidade para que adquira unha actitude positiva cara ao idioma galego e, así mesmo, contribúe a identificala co seu medio potenciando o sentimento de estima cara á súa lingua.

5. Que as partes asinantes son sabedoras da crecente demanda que o uso do galego ten en todos os sectores da sociedade e do importante papel que na súa promoción pode xogar o sector da economía.

Polo exposto, as partes asinantes manifestan a súa vontade de definir un marco xeral de colaboración para fomentar o uso do galego no ámbito socioeconómico e, sobre todo, nas respectivas áreas de actuación, polo que formalizan este protocolo que se rexerá polas seguintes

ESTIPULACIÓNS

Primeira

Este protocolo ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, e a FEGAXE mediante a realización de accións de dinamización lingüística para potenciar e promover o uso do idioma galego no seu ámbito de actuación.

A finalidade deste protocolo é colaborar no desenvolvemento de iniciativas conxuntas de dinamización da lingua galega dirixidas á sociedade galega en xeral, co fin de lograr unha oferta ampla e competitiva de produtos, servizos e recursos lingüísticos en galego que permitan a libre circulación do galego nos sistemas avanzados da vida moderna.

Segunda

Mediante a sinatura deste protocolo, a FEGAXE comprométese á realización en lingua galega durante o ano 2018 das accións que se describen no anexo a este protocolo e que forman parte íntegra deste.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, comprométese sobre todo a facilitar, cando sexa preciso, o apoio e o asesoramento técnico en relación con aspectos lingüísticos e terminolóxicos relacionados coas actividades deste protocolo.

Así mesmo, prestará apoio institucional ás actuacións que se desenvolvan ao abeiro deste protocolo.

Terceira

Todas as actividades que se realicen ao abeiro deste protocolo deberanse levar a cabo segundo o indicado nas vixentes normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, aprobadas pola Real Academia Galega no ano 2003, tal e como se establece na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística. Así mesmo, coidarase especialmente do respecto rigoroso da toponimia oficial, nos termos previstos no artigo 10 da citada lei.

Será considerada causa específica de resolución deste protocolo o incumprimento desta cláusula.

Cuarta

Nas actuacións informativas e divulgativas e nas publicacións que se fagan relacionadas coas actividades deste protocolo, farase constar nun lugar destacado a imaxe corporativa institucional da Xunta de Galicia, segundo o previsto no Decreto 409/2009, do 5 de novembro, polo que se aproba o uso dos elementos básicos da identidade corporativa da Xunta de Galicia.

Sexa cal sexa o medio de difusión, as partes comprométense a facer mención das outras partes e deste protocolo.

Quinta

Este protocolo entrará en vigor o mesmo día da súa sinatura e terá vixencia ata o 15 de decembro do ano 2018, agás que sexa denunciado por escrito por algunha das partes asinantes polo incumprimento dos compromisos que nel se recollen, cun mes de antelación polo menos.

Sexta

Este protocolo resolverase:

- Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.

A posible discrepancia na aplicación e/ou interpretación deste protocolo resolverase co diálogo directo entre as partes.

Ao estaren as partes conformes co pactado, asínanse tres exemplares deste protocolo no lugar e na data arriba indicados.

O conselleiro de Cultura, Educación e
Ordenación Universitaria

O presidente da FEGAXE

ANEXO

ACCIÓNs CONCRETAS

Realización de accións de difusión e sensibilización para potenciar actitudes favorables cara á utilización da lingua galega no ámbito empresarial e social

- **Programa LiñAXE galega**, que difunde e sensibiliza sobre as vantaxes de nacer e medrar usando o galego como lingua de negocios.
- **Programa ImAXE galega**, que difunde e sensibiliza sobre as vantaxes de dispor dunha identidade corporativa en galego.
- **Programa MarcAXE galega**, que difunde e sensibiliza sobre as vantaxes da etiquetaxe en galego como símbolo dunha denominación de orixe vinculada á calidade dos produtos e á excelencia na prestación de servizos.
- **Programa PersonAXEs galegas**, unha plataforma en liña en galego que difunde o perfil profesional dos xoves empresarios que utilizan o galego nos seus negocios, promovendo o seu talento e axudándolles a multiplicar as súas oportunidades de externalización a través dun sistema orientado de busca. Nun primeiro momento, incluírase na plataforma o perfil empresarial de todos os xoves empresarios que participen na **AXenda vantAXEs primavera 2018**, co que se disporá dun “beta” desta ferramenta en liña.

Realización de encontros empresariais en diversos ámbitos co obxectivo de incorporar a lingua galega no mercado laboral

- **Programa VantAXEs do galego**, un ciclo de encontros con xoves empresarios en seis cidades de Galicia (A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Ferrol e Vigo) nos que se sensibilizará sobre a importancia do uso da lingua e se difundirá esta a partir da presentación de todos os programas que aquí se presentan a través do relatorio “**A VantAXE**”.
- **Programa PasAXE galego**, un conxunto de encontros potenciais entre xoves empresarios da lusofonía que poñan a lingua en valor como ferramenta de economía de escala no ecosistema lusófono.

Realización de accións de comunicación para incorporar a lingua galega nas empresas vinculadas á FEGAXE

- **Programa maridAXE galega**, que difunde e sensibiliza sobre a importancia do uso do galego como elemento de fusión e presentación conxunta de marcas con imaxe e presenza en galego. Nun primeiro momento, entendendo como tal a actuación **vantAXEs da primavera 2018**, escollerase unha empresa por cada unha das seis

localidades participantes (A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Ferrol e Vigo) para ensamblar unha **primeira actuación de maridAXE galega**, que dará coma resultado a primeira publrreportaxe corAXE (véxase o punto seguinte).

- **Programa corAXE galega**, unha webTV de transferencia de coñecemento en galego que, por medio de entrevistas a xoves emprendedores que usen a lingua galega coma elemento diferenciador e valorizador, sexa quen de converterse nun referente de como medrar co galego. Nun primeiro momento, entendendo como tal a actuación **vantAXEs da primavera 2018**, desenvolverán un **programa piloto** coas empresas ensambladas na primeira actuación de maridaxe.
- **Programa prAXE galega**, unha aula virtual en galego para xoves empresarios galegos impartida por xoves empresarios galegos. Nun primeiro momento, entendendo como tal a actuación **vantAXEs da primavera 2018**, lanzarán un reto: un concurso de micropílulas formativas en galego de xoves empresarios para xoves empresarios.